



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 4/2020

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE.

En Ordes, a vinte e sete de maio de dous mil vinte.

De conformidade co establecido no art. 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) o Pleno reúnese a distancia por medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. PAULA CASTENDA BLANCO.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Esta presente na sesión D. Javier Siro Suárez Rodríguez, interventor municipal.

Os membros participantes acreditan estar en territorio español.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 27 de febreiro de 2020, e á acta da sesión extraordinaria, de data 10 de marzo de 2020, cuxas minutas foron distribuídas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que na acta da sesión ordinaria de 27/02/2020 aprecia o erro seguinte:

Folla nº 6

Onde di

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de seis votos en contra (grupo político PP), tres votos a favor (grupo político BNG), e coas abstencións (2 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

.../...

Debe dicir

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de sete votos en contra (grupo político PP), tres votos a favor (grupo político BNG), e coas abstencións (2 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

.../...

A acta da sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2020, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coas abstencións do Sr. Rodríguez Méndez e Sra. García Gómez, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Vidal Ríos.

A acta da sesión extraordinaria de data 10 de marzo de 2020, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, coas abstencións do Sr. Blanco Viqueira, Sra. Castenda Blanco e Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

PUNTO SEGUNDO: APROBACIÓN PARTICIPACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+ 2020, POS+ ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRARODINARIOS DERIVADOS DO COVID-19.

Vista a modificación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2020, para a regulación do POS+ Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do Covid-19 (BOP nº 66, de data 05/05/2020).

Vistas as prestacións sinaladas no artigo 1.2 do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, que poden ser obxecto de financiamento con este Plan POS+ Adicional 1/2020.

Visto o informe da Intervención de previsión de gastos sociais extraordinarios 2020 (ANEXO XVI).

Vista a achega provincial asignada a este concello que resulta da aplicación dos criterios



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

que se detallan na Base 4.1 do POS+ 2020.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcese as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que estase a decidir se nos integramos neste POS+ Adicional 1/2020 para conseguir eses 66.254,00 euros para a adquisición de medios para a prevención do Covid-19. Polo que preguntaron na Comisión Informativa e así se lles informou o Concello leva gastado entorno a 35.000 euros nesta materia. Polo que si acceden a estes fondos quedarían outros 31.000 euros para seguir investindo nesta adquisición. O concello aforrará 66.000 euros que despois podería destinar nos orzamentos ao que se acorde no seu momento. Como é beneficios para o Concello de Ordes van a votar a apoiar esta participación.

Vistas as dificultades, polo carácter telemático da sesión, para proceder ao reconto do sentido do voto dos membros do pleno, o Sr. Alcalde acorda utilizar o sistema de votación nominal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación nominal, por maioría de dezaseis votos en a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Participar no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo á parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta Deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	66.254,73 €
---	-------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19	PREVISIÓN DE GASTOS 2020	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
Prestacións artigo 1.2 R.D.L. 8/2020	(A)	(B)	(A-B)



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 R.D.L. 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (A-B)
f) Adquisición de medios de prevención (EPI)	66.254,73 €	0,00	66.254,73 €
T O T A L	66.254,73 €	0,00	66.254,73 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

PUNTO TERCEIRO: APROBACION PARTICIPACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+ 2020, POS+ADICIONAL 2/2020, PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.

Vista a modificación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2020, para a regulación do POS+ Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles (BOP nº 66, de data 05/05/2020).

Visto o informe da Intervención de previsión de gastos correntes 2020 (gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo o establecido na lexislación vixente) (ANEXO IV).

Vista a achega provincial asignada a este concello que resulta da aplicación dos criterios que se detallan na Base 4.1 do POS+ 2020.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor.

Intervén o Sr. Fernández Louro, voceiro do grupo político UxO, que sinala que o seu voto vai a ser favorable.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que un novo POS+ Adicional, neste caso o 2/2020, para gasto corrente, destinado a sufragar servizos do concello deficitarios, como pode ser o alumeadado público, servizo de recollida de lixo, limpeza viaria e



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

demais. Deste xeito o Concello novamente aforra 248.000 euros para destinar no orzamento ao que se acorde no seu momento. Apróbase hoxe unha inxección de liquidez procedente da Deputación Provincial, en conxunto de 310.000 euros.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que simplemente facer unha apreciación. Está moi ben esta inxección de liquidez, pero compre tamén recordar que o POS+ 2020 a cantidade total posta a disposición dos concellos foi única e exclusivamente de corenta e sete millóns de euros, no 2019 foi de sesenta e un millóns de euros e no 2018 de setenta e seis millóns de euros. Si se fai unha comparativa a perda de financiación de todas as administracións locais é de menos vinte e oito millóns de euros, que supuxo unha diminución do trinta e oito por cento en única e exclusivamente de dous anos. Si falamos das achegas de 2018 que se podían destinar a gasto corrente fora da participación dos préstamos era de cincuenta e dous millóns de euros no ano 2018 e no ano 2020 foi de vinte e sete millóns de euros. Unha diferenza de menos vinte e cinco millóns de euros. Polo tanto foron condicionados os investimentos de todas as administracións locais nun corenta e oito por cento. Estas incorporacións do POS+ 2020 1/adicional e 2/adicional de catro e quince millóns de euros supoñen un déficit a favor dos municipios de toda a provincia de A Coruña de menos seis millóns de euros. A deputación a día de hoxe está pendente de incorporar fondos suficientes a disposición dos concellos e así poder dar moitos dos servizos mínimos municipais.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non va a entrar a debater en cifras, están enriba da mesa, se nos remontamos a anos atrás podería verse a comparativa, o que se esta investindo, o que se investía antes, o que recibía antes dos fondos Ordes. Como é beneficioso para o concello o van a apoiar. Recordar que non existe so a Deputación Provincial, as demais administracións tamén deben asumir as súas funcións e evitar que os concellos gasten fondos propios en servizos que non lles corresponde dar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é de agradecer que a Xunta de Galicia houbese aumentado este ano de maneira importante o Fondo de Compensación Local.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación nominal, por maioría de dezaseis votos en a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Participar no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	248.455, 23 €

C) Resumo:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	248.455,23 €		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00		
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00		
TOTAL	248.455,23 €		

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

PUNTO CUARTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A AUTONOMÍA QUE A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E AS LEIS OUTORGAN ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DOS SEUS RECURSOS

Vista a proposta da Alcaldía para instar ao Goberno de España a garantir a autonomía que a constitución española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, que se transcribe a continuación

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 137 da Constitución Española sinala que "O Estado se organiza territorialmente en municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constitúan. Todas estas entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses".

Doutra banda, a nosa Carta Magna no seu artigo 142 establece que "As Facendas locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas".

Estes principios constitucionais desenvolvéronse a través de diversas leis que garanten, por unha banda, a autonomía local e, por outro, que as entidades locais contén cos recursos suficientes para atender as necesidades dos seus veciños. Desta forma, a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) establece que "para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado (...) deberá asegurar aos Municipios, as Provincias e as Illas o seu dereito para intervir en cuantos asuntos afecten directamente o círculo dos seus intereses" e que "o goberno e a administración municipal (...) corresponde ao concello, integrado polo Alcalde e os Concelleiros" (Art. 2 e 19 de LRBRL).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Esta Lei, instrumento fundamental nas definicións das competencias e obrigacións das entidades locais, sinala ademais que “a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban” (Art. 57.1 LRBRL).

Por último cabe sinalar, que a LRBRL establece no seu artigo 105 que “se dotará ás Facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais” e que ditas facendas locais “nútreanse, ademais de tributos propios e das participacións recoñecidas nos do Estado e nos das Comunidades Autónomas, daqueles outros recursos que prevexa a Lei”.

Faise necesario lembrar todas as leis que protexen a autonomía, organizativa e de xestión dos seus recursos, das entidades locais, así como as diferentes fontes de financiamento das mesmas, por varios motivos:

1. O Goberno de España sen ter en conta a nosa Constitución e as leis que regulan a organización, competencias e a Facenda das entidades locais negou inxustificadamente o pago ás EELL do IVE correspondente ao mes de decembro de 2017.

2. O goberno de España está a estudar “apropiarse” do superávit xerado en 2019 polas EELL así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias segundo puidemos coñecer por unha noticia publicada no "Diario das Palmas", 28/03/2020.

Iso supón, segundo os datos do Ministerio de Facenda ao 31 de Marzo 2020, 3.839 millóns de euros do superávit de 2019 e 28.000 millóns de euros dos superávits acumulados nos últimos 8 anos polas EELL.

Esta noticia vese ratificada polas declaracións realizadas pola Ministra de Facenda o 30 de abril no Congreso dos Deputados, nas que fixo alusión á posibilidade de chegar a un acordo coa FEMP para que a utilización do superávit municipal pódase empregar para "cubrir aqueles que o resto de administracións non poidan chegar, de maneira que entre todos podamos actuar sinérgicamente sobre o cidadán único ou sobre a empresa pública".

Hai que sinalar que a xeración dos devanditos superávits non se debe soamente á aplicación da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) posto que esta lei “vincula a todos os poderes públicos (Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas, Corporacións Locais e Seguridade Social)” (Art. 1 e 2 da LOEPSF) pero só as corporacións locais, grazas a unha xestión eficiente e rigorosa dos seus recursos, foron capaces de xerar de maneira recorrente un saldo positivo nas súas contas públicas ao peche de cada exercicio orzamentario axudando a que o noso país puidese cumprir cos obxectivos de déficit público establecidos pola Unión Europea.

Estes superávit, tal e como recolle o artigo 32 da LOEPSF, destináronse a reducir o nivel de endebedamento das entidades locais, á execución de investimentos financeiramente sostíbeis que reverten en beneficio dos veciños e, en moitos casos, a seguir xerando aforros para poder conxugar a prestación de servizos públicos de calidade aos veciños cunha fiscalidade baixa sen hipotecar ás xeracións futuras.

Desde hai varios anos, as entidades locais veñen reclamando ao goberno central unha maior flexibilidade para poder aplicar os superávits xerados pero sempre respectando a autonomía local consagrada na nosa Carta Magna e nas leis.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

As entidades locais constitúen a administración máis próxima ao cidadán e mostraron sempre a súa solidariedade co resto das administracións españolas ao asumir competencias impropias sen recibir, en moitos casos, o financiamento adecuado de Comunidades Autónomas e do Estado para exercerlas o que provocou que tivesen que destinar recursos propios, recursos de todos os seus veciños, a manter as mesmas.

Ademais, nesta crise sanitaria, social e económica, derivada da pandemia provocada pola o COVID-19 foron os primeiros en implementar medidas para conter a expansión do virus e de apoio á poboación máis vulnerable (maiores, enfermos, ...etc.), por exemplo, ampliando os servizos de axuda a domicilio, adopción de medidas para cubrir as necesidades básicas de persoas con risco de exclusión social, e medidas de protección individual e colectiva para os cidadáns. Tamén foron por diante na conversión de moitos servizos públicos de modalidade presencial a telemática para que os seus veciños puidesen seguir gozando de espectáculos culturais, cursos de formación, ...etc.

Pero as entidades locais non poden ser a táboa de salvación para un goberno que, desde xuño de 2018, foi incapaz de aprobar uns Orzamentos Xerais do Estado, estivo máis pendente da propaganda que da xestión seria e rigorosa dos recursos de todos os españois, que negou ás Corporacións Locais e ás Comunidades Autónomas os ingresos que lles corresponden por lei (IVE de decembro de 2017 impagado) e que conseguiu o gran "logro" de incrementar o déficit público español por primeira vez desde 2012.

Polo exposto propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a:

1. Non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o estado de alarma, nin outras argucias legais, para apropiarse dos aforros das EELL vulnerando preceptos constitucionais e leis en vigor debido a que, como indica o artigo 29 da Lei do Goberno, está suxeito á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico en toda a súa actuación.
2. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.
3. Flexibilizar as regras para que as entidades locais poida utilizar os seus superávits para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar contra a pandemia, sempre en coordinación coas Comunidades Autónomas e o Estado.
4. Que no caso de que se pretenda modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais, se tramiten ditas modificacións no Congreso dos Deputados (ante os lexítimos representantes de todos os españois), dado que a declaración do estado de alarma non interrompe o normal funcionamento dos poderes do Estado (Art. 1.4 da Lei 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma excepción e sitio).
5. Cumprir o acordado pola FEMP e o Goberno de España na reunión do 20 de abril de 2020, na que estivo presente o Presidente do Goberno e na que se acordou que non se tramiten cambios no Congreso dos Deputados sen estar previamente acordados coas EELL.
6. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Grupos Políticos do Congreso dos Deputados, e á Xunta de Goberno da FEMP e da FEGAMP.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que haberá que ter en conta tamén á Xunta de Galicia. O que se está intentando que se lle outorgue ás entidades locais ten que ser en beneficio dos veciños. Nos últimos días moita xente lle está a por de manifesto que poucas medidas se están adoptando para a conciliación de pais traballadores con nenos pequenos. Están a favor sempre que se mire para aumentar o gasto social en beneficio da xente desfavorecida por esta pandemia.

Intervén o Sr. Fernández Louro, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están a favor da proposta por ser boa para o concello.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que parécelles fascinante que o partido que aprobou a Lei Montoro, que é precisamente a que amordaza e limita as capacidades económicas de investimento e endebedamento dos Concellos, que prima pagar antes aos bancos que atender ás necesidades da veciñanza, agora dea tantas reviravoltas para xustificar seguir facendo. Non hai leis máis limitativas para a autonomía local e que invadan máis a capacidade de goberno dos concellos que a Lei Montoro. Afondando na proposta da alcaldía, a mellor maneira de garantir a autonomía local e a xestión dos recursos públicos municipais e derogando a Lei Montoro directamente. O que impide que os concellos poidan utilizar os seus cartos, os seus aforros para investir no que precisan é precisamente esta lei. A mellor maneira de flexibilizar as regras de gasto é eliminando directamente a regra de gasto. Hai que esixir ás administracións públicas ter máis fondos e xestionalos directamente no que cada concello necesite, que a Xunta de Galicia asuma as súas competencias, financiar as actividades e servizos que lle son propios e deixar de botar balóns fora e que os concellos destinen recursos ao que non é competencia deles. Ao presentar esta proposta de alcaldía nun pleno extraordinario como o de hoxe que non coñeza a representación no Congreso dos Deputados pensará que o PP non ten representación como para negociar, condicionar ou esixir este tipo de cuestións. Mira que non houbo ocasións esta temporada para poder facelo. Incluso coas prórrogas do estado de alarma sen ter que vir a un pleno municipal para tratar este asunto. A mágoa é que se priorice incluír na orde do día un punto sobre o goberno de España, sobre o que non teñen inconvinte ningún en debater, pero que logo non se inclúa ningún punto para o debate como as alternativas que ven presentando o BNG durante o estado de alarma, como a procura dun plan para a reactivación económica de Ordes, medidas para garantir as mínimas distancias na vía pública, rebaixa ou condonación, das taxas para os negocios afectados pola crise da Covid-19, mesmo os orzamentos municipais que como din no seu argumentario o goberno de España foi capaz de aprobar uns orzamentos xerais do Estado, que estivo máis pendente da propaganda que da xestión seria e rigorosa dos recursos de todos os españois, tamén se podería aplicar neste caso no concello de Ordes. A convocatoria dun pleno extraordinario é algo lexítimo, pero que neste caso non comparten.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que agradecen o voto a favor do Sr. Viqueira Nouche. Pero a Xunta de Galicia non pretende expropiar o superávit do Concello, ao contrario estase a aumentar o orzamento sobre as súas competencias dende o primeiro momento. Son perfectamente conscientes da necesidades de medidas para garantir a conciliación, estase a estudar, o que non van a facer é por en risco a saúde dos nosos menores e das súas familias. Con respecto ao BNG parécelle fascinante que se estea a facer propaganda dunha inxección de liquides da Deputación Provincial de 310.000 euros, pero que vai en contra da Lei Montoro e pretendan beneficiarse dela vostedes máis o seu socio. O concello de Ordes para facerse cargo das proposta que presentaron é ter dispoñibilidade de cartos dos veciños de Ordes, que se aforraron. A Sra. Montero pretende ampliar as competencias con consenso e ninguén lles preguntou. Presentan propostas para o que necesitan dispor de caros que os seus socios queren expropiarnos. Hai unha preocupación manifesta na FEMP, FEGAMP e moitas corporacións da súa cor política ou da cor política do



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

gobierno do estado. Nos non somos os que temos que sufragar o déficit do estado, nos non somos os que teñen que facer a propaganda política dos que están a gobernar nestes momentos.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo no cumprimento da normativa para o cumprimento do que se está a propor hoxe. Pero é necesario o cumprimento de todas as medidas de seguridade e sanitaria. Insiste na adopción de medidas de conciliación no concello para os pais traballadores.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que inciden no mesmo, o que respondeu a voceira do goberno e o que eles veñen dicindo. A mellor forma de que o concello teña recursos para levar a cabo as iniciativas sobre as que ten competencia ou nas que queira investir é precisamente derogando a regra de gasto, que é unha lei lesiva para os intereses do concello e que poida utilizar os seus aforros. Chégase ao absurdo como no concello de Abegondo que ten aforrados máis de vinte millóns de euros que non poden utilizar no que precisen nun investimento para os veciños. Este é o resultado da Lei Montoro aprobada polo PP. O que defenden é a súa derogación para que cada concello poida utilizar eses fondos no que estime oportuno. Que o PSOE pretende expropiar este superávit, non o sabe, é algo que din aparece publicado nun Diario das Palmas, daralle a credibilidade que teña ese periódico. De momento non viron que se aprobase. Entenden que hai que derogar esta lei lesiva para os concellos. Van a votar a favor, aínda que o seu obxectivo é a derogación desta norma e non a flexibilización.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que con respecto á regra de gasto non é que estean a favor ou en contra, por que o concello cumpriu os deberes. Non estamos neste momento para presentar unha proposta para derogar a lei. Con respecto á publicidade mencionouse un diario das Palmas, pero hai máis diarios, comparecencias da Sra. Ministra, oxalá non sexa creíble, non sexa efectivo. Teñen que por todo da súa man para que non se leve a cabo, os máis prexudicados van a ser os nosos veciños.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación nominal, por maioría de dezaseis votos en a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 2 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instar ao Goberno de España a:

1. Non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o estado de alarma, nin outras argucias legais, para apropiarse dos aforros das EELL vulnerando preceptos constitucionais e leis en vigor debido a que, como indica o artigo 29 da Lei do Goberno, está suxeito á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico en toda a súa actuación.

2. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

3. Flexibilizar as regras para que as entidades locais poida utilizar os seus superávits para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar contra a pandemia, sempre en coordinación coas Comunidades Autónomas e o Estado.

4. Que no caso de que se pretenda modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais, se tramiten ditas modificacións no Congreso dos Deputados (ante os lexítimos representantes de todos os españois), dado que a declaración do estado de alarma non interrompe o normal funcionamento dos poderes do Estado (Art. 1.4 da Lei 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma excepción e sitio).

5. Cumprir o acordado pola FEMP e o Goberno de España na reunión do 20 de abril de 2020, na que estivo presente o Presidente do Goberno e na que se acordou que non se tramiten cambios no Congreso dos Deputados sen estar previamente acordados coas EELL.

6. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Grupos Políticos do Congreso dos Deputados, e á Xunta de Goberno da FEMP e da FEGAMP.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e cincuenta e tres minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO